

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 28 de xaneiro de 2011**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Eudósio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás 8.56 horas do día vinteito de xaneiro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, o titular da Asesoría Xurídica, non asistíu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(48).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións: (ordinaria do 9.12 e do 13.12, extr. urx. do 15.12 e do 17.12, ord. do 20.12., extr. urx. do 22.12, ord. do 23.12, extr.urx. do 27.12, 28.12, 29.12 e 30.12 de 2010. extr. urx. do 4.01, ord. do 11.01, extr. urx. do 13.01, ord. do 17.01 e extr. urx. do 19.01.2011). Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

.

**2(49).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA:**

**A)SENTENZA DO X. DO SOCIAL Nº 1 DE VIGO. XUIZO ORDINARIO 776/2020. DEMANDANTE: Dª VERÓNICA SIMÓNS ALVAREZ E Dª Mª DEL PILAR CANABAL RAMOS. OBXECTO: RECLAMACIÓN PAGAMENTO DE SALARIOS. SENTENZA QUE DA A RAZÓN AO CONCELLO. EXPTE. 6182/111.**

**B)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 437/2010 P.A. DEMANDANTE: Dª MARIA ALONSO SUAREZ. OBXECTO: RESOLUCIÓN DE 8.04.2010 SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME QUE ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO. EXPTE. 6275/111.**

**C)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 214/2010 P.A. DEMANDANTE: Dª Mª SOLEDAD GUERRA VALES. OBXECTO: RESOLUCIÓN DO 4.05.2010 SANCIÓN DE TRÁFICO. ACEPTA O DESISTIMENTO DA ACTORA. EXPTE. 6191/111.**

**D)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 300/2010 P.A. DEMANDANTE: Dª RUT MARTÍNEZ LÓPEZ DE CASTRO. OBXECTO: PLENO 31.05.2010, SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE PERSOAL. SENTENZA, NON FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6124/111.**

**E)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 67/2010 P.O. DEMANDANTE: D. FRANCISCO RODRÍGUEZ CRIADO. OBXECTO: DESESTIMACIÓN DE ALZADA. XUNTA DE COMPENSACIÓN PRAZA. DE ESPAÑA. GATOS DE URBANIZACIÓN. ESTE AUTO, QUE NON É FIRME, DECLARA A INADMINISIBILIDADE DO RECU7RSO FOR FALTA DE LEXITIMACIÓN ACTIVA DA RECORRENTE. EXPTE. 5854/111.**

**F)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 252/10 P.A. DEMANDANTE: D. JAVIER DE SOUSA GARCÍA. OBXECTO: SANCIÓN POR CONTAMINACIÓN ACÚSTICA. SENTENZA FIRME ESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6229/111.**

**G)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 491/2010 P.A. DEMANDANTE: Dª Mª NELLY GONÁLEZ VALVERDE. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6312/111.**

**H)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 403/10 P.A. DEMANDANTE: Dª Mª NELLY GONZÁLEZ VALVERDE. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6239/111.**

**I)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 366/2010 P.A. DEMANDANTE: D. UXIO M. MONTENEGRO E OUTRO. OBXECTO: ACCIDENTE POR MANCHA DE ACEITE. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6146/111.**

**L)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 495/10 P.A. DEMANDANTE: Dª Mª NELLY GONZALEZ VALVERDE. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6305/111.**

**M)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 493/10 P.A. DEMANDANTE: Dª Mª NELLY GONZÁLEZ VALVERDE. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6308/111.**

**N)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 8/10 P.O. DEMANDANTE: Dª BENEDICTA DOMINGUEZ FERNÁNDEZ. OBXECTO: CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 5710/111.**

**Ñ)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 389/10 P.O. DEMANDANTE: D. HECTOR GUERRA FERNÁNDEZ. OBXECTO: ACCIDENTE CICLOMOTOR. SENTENZA FIRME, ESTIMA PARCIALMENTE O RECURSO. EXPTE. 6184/111.**

**O)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 400/10 P.A. DEMANDANTE: REALE SEGUROS GENERALES, S.A. OBXECTO: ASOLAGAMENTO NA VIVENDA DE CANIDO 241. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6194/111.**

**P)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 370/10 P.A. DEMANDANTE: D. FRANCISCO JAVIER BERMEJO CORRAL OBXECTO: ACCIDENTE DE MOTO POR MANCHA DE ACEITE. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6171/111.**

**Q)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 377/10 P.A. DEMANDANTE: D. JAIME ROMERO REQUEJO. OBXECTO: DANO VEHÍCULO POR COLECTOR RSU. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6172/111.**

**R)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 282/10 P.A. DEMANDANTE: Dª MARIA ALONSO SUÁREZ. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6170/111.**

**S)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO. RC-A 490/10 P.A. DEMANDANTE: Dª Mª NELLY GONZÁLEZ VALVERDE. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6307/111.**

**T)SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO. RC-A 222/10 P.A. DEMANDANTE: Dª EVA Mª SILVA CHAPELA. OBXECTO: SANCIÓN DE TRÁFICO. SENTENZA FIRME, DESESTIMA O RECURSO. EXPTE. 6121/111.**

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido das devanditas sentenzas e autos.

**3(50).-CONCESIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 141/11.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa, do 21.01.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a Dª Consuelo Otero Fontaíña. Expte. 141/11.

**4(51).-FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO AUDITORIO MUNICIPAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2011. EXPTE. 12876/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da oficina administrativa de Programación Cultural, do 24.01.11, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Que se autoricen os prezos de venda de entradas da programación do departamento de Cultura no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2011, de acordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

“CON T DE TEATRO”: programación de teatro para adultos, que se desenvolve os venres, ás 21 horas. O prezo é de 7 €.

“con t minúsculo”: programación de teatro familiar, que se desenvolve os domingos ás 18 horas. O prezo é de 5 € para os adultos a partir de 13 anos e de 3 € para nenos até 12 anos.

“Vigo en danza”: programación de danza, que se desenvolve un sábado ao mes, ás 21 horas. O prezo é de 5 €.

En canto ao resto dos espectáculos programados fóra destes tres programas, e por indicación do concelleiro-delegado da Área se establece en liñas xerais os seguintes prezos:

Programación de música regular (concertos de Orquestra 430, Sociedade Filarmónica, Coro Conconto, etc.): O prezo é de 5 €.

Resto da programación de música variada: O prezo en xeral será de 10 €.

Resto da programación de teatro variado: O prezo en xeral será de 7 €.

Resto da programación infantil variada: O prezo en xeral será de 5 € para os adultos a partir de 13 anos e de 3 € para nenos até 12 anos.

Se establecerán abonos para os programas “Con T de Teatro” e “con t minúsculo” que poderán ser mensuais ou trimestrais, e nos que se aplicará un 25 % de desconto sobre o prezo total de compra.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web [www.laboleteria.com](http://www.laboleteria.com) e no mesmo despacho de billetes desde unha hora antes do comezo do espectáculo.

**5(52).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA XXIX EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA LONGA EDUARDO BLANCO AMOR. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 12873/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da oficina administrativa de Programación Cultural, do 19.01.11, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, e co Rc. de Intervención de data 24.01.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aprobar o gasto de 360,00 € (TRESCENTOS SESENTA EUROS) con cargo á partida 3340.462.00.00 “Premio Eduardo Blanco Amor”, do vixente presuposto municipal, a favor do Concello de Santiago de Compostela (CIF: P1507900G), organizador da XXIX edición do Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor, en concepto de participación do Concello de Vigo na organización do dito premio”.

**6(53).- ASISTENCIA DE D<sup>a</sup> MARTA NÚÑEZ ABOY Á FEIRA EUROPEA DE TEATRO PARA NENOS E NENAS FETEN 2011 EN COMISIÓN DE SERVICIOS. EXPTE. 12836/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da oficina administrativa de Programación Cultural, do 10.01.11, conformado polo xefe do departamento de Cultura e polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, e cos Rc. de Intervención de data 24.01.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Que se autorice a asistencia de Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 á Feira Europea de Teatro para nenos e nenas Feten 2011 que terá lugar en Gijón entre os días 20 e 26 de febreiro de 2011.
2. Que se autoricen os seguintes gastos: 539,91 € por 7 dietas enteiras, con cargo á partida 3340.230.20.00 “dietas de personal” e 400 € de viaxe (transporte e desprazamentos por Gijón), con cargo á partida 3340.231.20.00 “locomoción do persoal non directivo”.
3. Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, DNI 36138380-K, a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

**7(54).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TRATAMENTO FINAL DE RESÍDUOS VOLUMINOSOS. EXPTE. 2543/252.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 16.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

UTE Toca y Salgado S.L. E Xiloga, S.L. 100 puntos

Segundo.- Excluir as ofertas presentadas polas seguintes empresas:

- Urbaser S.A. Por non contar con instalacións de verquido no termino municipal de Vigo que contén coas autorizacións administrativas necesarias para o desenrola da actividade.
- González Couceiro, S.L.U. Por non contar con instalacións de verquido no termino municipal de Vigo que contén coas autorizacións administrativas necesarias para o desenrola da actividade.

– Gestan Tratamientos de Residuos S.L. Por non ter a clasificación esixida para participar na licitación

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, UTE Toca y Salgado S.L. E Xiloga, S.L. para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

–

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, UTE Toca y Salgado S.L. E Xiloga, S.L. o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 1.691,87 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumplan os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

#### **8(55).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO INTEGRAL DOS TÚNELES E PASOS INFERIORES DA CIDADE. EXPTE. 374/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 20.12.10, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- 1.- Imes API, S.A. 99,25 puntos.
- 2.- UTE ESYCSA-Emurtel 98,75 puntos.
- 3.- Extraco, S.A., 91,63 puntos.
- 4.- UTE INDRA-PUENTES-ACEINSA, 71,90 puntos.

Segundo.-Excluír do presente procedemento as mercantís relacionadas a continuación por que non superaron a puntuación mínima (10 puntos) establecida no apartado

16.1.1.a) “mellor desenrolo do programa de mantemento” das follas de especificación do contrato(FEC) do prego de cláusulas administrativas particulares

- SOCIEDAD IBERICA DE CONSTRUCCIONES ELECTRICAS, S.A.
- UTE MOVEX VIAL, S.L.-FERROSER INFRAESTRUCTURAS, S.A.-FERROVIAL SERVICIOS, S.A.
- CONTROL Y MONTAJES INDUSTRIALES CYMI, S.A.
- UTE SANJOSE TECNOLOGIAS, S.A.-TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A.
- UTE ELECTROMECHANICA NAVAL E INDUSTRIAL, S.A.-ACEUVE MANTENIMIENTO, S.L.EXTRACO, S.A.
- MONCOBRA, S.A.
- CLECE, S.A.
- ELEC NOR, S.A.
- UTE ACISA-AMS.

Terceiro.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, Imes API, S.A. para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Cuarto.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, Imes API, S.A. o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 1.769,44 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adjudicación do contrato, sempre e cando se cumplan os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.



**9(56).- ALLEAMENTO DE 38 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 3525/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 18.01.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

“Allear para chatarra 38 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- 1.- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- 2.- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- 3.. Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo secciona-los bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.
- 4.- O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterá o seguinte modelo de proposición:

“D. ...., con D.N.I. nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), informado do procedemento para a venda para chatarra de 38 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente as condicións para a enaxenación dos 38 vehículos.
- 2.- Propón como prezo para compra dos 38 vehículos o de ..... euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.”

**10(57).- PAZO DE CONGRESOS DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS POR ACOPIOS. EXPTE. 3431/241**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, do 3.01.11, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Rectificar o acordo adoptado pola XGL do día 9 de decembro de 2010 no asunto nº 6 da Orde do día “Devolución de garantía por acopios a Pazo de Congressos de Vigo S.A.. Expte.

3421/241”, no referente á cantidade establecida na parte dispositiva do acordo, establecendo que a cantidade a que ascende o importe total dos avais a devolver é a de 8.000.000€”.

**11(58).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A UTE EIRIÑA,S.L.-IMESAPI, POLA INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMIENTO E MELLORA LUMÍNICA NA RÚA STO. DOMINGO, CONDESA CASA BÁRCENA E SAN SALVADOR. EXPTE. 1819/443.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 21.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1.Proceder a devolución da fianza a **UTE EIRIÑA, S.L.-IMESAPI**, constituída na data reseñada, polo importe de :

<b>BANCO</b>	<b>Nº DE OPERACION</b>	<b>IMPORTE</b>
Banesto	201000058194	35.131,67 €
Banesto	201000058197	102.475,01 €
Banesto	201000058195	101.029,24 €

**12(59).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A UTE EIRIÑA,S.L.-IMESAPI, POLA INSTALACIÓN DA REDE SEPARATIVA DE PLUVIAIS, RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO, SANEAMIENTO E MELLORA LUMÍNICA NAS RÚAS DR. CADAVAL (ENTRE PORTA DO SOL E LÓPEZ DE NEIRA) RÚA LUGO E PERÚ. EXPTE. 1820/443.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 21.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Proceder a devolución da fianza a **UTE EIRIÑA,S.L.-IMESAPI**, constituída na data reseñada, polo importe de :

<b>BANCO</b>	<b>Nº DE OPERACION</b>	<b>IMPORTE</b>
Banesto	201000058184	35.016,06 €
Banesto	201000058187	145.536,74 €

**13(60).- DEVOLUCIÓN DE E FIANZA A HIDROSCIVIL, S.L., POLAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA RÚA TOLEDO. EXPTE. 1826/443.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Servizos Xerais, do 21.01.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Proceder a devolución das fianzas a **HIDROSCIVIL, S.L.**, constituída na data reseñada, polo importe de:

BANCO	Nº DE OPERACION	IMPORTE
Caixanova	200900024984	25.000,00 €
Caja Madrid	200900025007	7.897,85 €

**14(61).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA PRIMEIRA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA. EXPTE. 6058/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 24.01.11, conformado polo delegado da área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Nomear a Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, como supervisores técnicos municipais das obras de construción da primeira fase do Centro Galego de Fotografía.
- 2.- Nomear a Pedro de la Puente Crespo como coordinador de seguridade e saúde para as obras de construción da primeira fase do Centro Galego de Fotografía.
- 3.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras de construción da primeira fase do Centro Galego de Fotografía, informado favorablemente por Pedro de la Puente Crespo.

**15(62).- DECLARAR A URXENCIA NA SELECCIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR EXCESO OU ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE 1 ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS. APROBACIÓN DAS BASES. EXPTE. 21762/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 26.01.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior e do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención

do 25.01.2011, conformado polo Interventor Xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

**“Primeiro.-** Declarar a urxencia na selección con carácter interino por exceso ou acumulación de tarefas de 1 enxeñeiro de camiños, canais e portos, encadrada no grupo subgrupo A1 de titulación, escala de Administración especial, cometidos especiais, subescala técnica, clase superior, consideradas as urxentes necesidades do servizo existentes na Oficina Municipal de Supervisión de Proxectos, Infraestruturas e Obras (OSPIO) dependente da Área de Servizos Xerais, e acreditadas no expediente administrativo.

**Segundo.-** Dar aprobación ás bases específicas reitoras do proceso selectivo ao efecto e que forman parte inseparable do presente acordo, ordeando a súa urxente publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra para público coñecemento.

**Terceiro.-** Habilitar expresamente ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección e sinalamentos de lugares, datas e horas de celebración das probas selectivas, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 5 de xullo do 2007.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

## **ANEXO**

### **BASES RECTORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN CON CARÁCTER INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE 1 ENXEÑEIRO SUPERIOR DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS PARA A ÁREA DE SERVIZOS XERAIS DO CONCELLO DE VIGO**

#### **I.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL**

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 da Lei 7/2007.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título académico oficial de enxeñeiro de camiños, canais e portos ou equivalente, titulación esixida para o acceso á praza segundo o disposto no cadro de persoal orzamentario do Concello de Vigo incorporado aos Orzamentos Municipais para o presente exercicio económico 2011.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con xerocopia compulsada do documento nacional de identidade ou pasaporte con plena vixencia, a presentar **inexcusablemente** coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a aportación, **dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección**, de xerocopia compulsada do título oficial legalmente expedido, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo na data previa ao nomeamento como funcionario/a interino, **asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento**.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a aportación de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; aportación que deberá efectuarse igualmente **dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección**.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a **aportación coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado á praza á cal se opta (Técnico/a de Actividades Turísticas)**.

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de **declaración xurada** ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente nos rexistros públicos indicados, ou ben enchendo o

campo denominado “outros datos a considerar” do formulario web dispoñible na páxina municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) dentro da sección “Oficina virtual/trámites/emprego: emprego público-oposicións” e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de taxa e impreso de selección de persoal.

## **II.-SISTEMA DE SELECCION**

O sistema de selección será o de oposición libre.

## **III.-EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO**

Primeiro exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os/as aspirantes.

Consistirá en desenvolver por escrito no tempo máximo de 2 horas catro temas elixidos ó chou mediante sorteo público, que se celebrará polo órgano de selección en presenza dos aspirantes, correspondentes co temario anexo ás presentes bases, dos cales un tema corresponderá á parte xeral do temario e os tres restantes á parte específica.

Na presente proba avaliaranse tanto o volume de coñecementos dos/das aspirantes, así como a capacidade de relación conceptual e de síntese nas conclusións e razoamentos.

Avaliarase dita proba de 0 a 10 puntos, quedando excluído o opositor que non acade un mínimo de 5 puntos.

Segundo exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio, consistirá en desenvolver por escrito dous supostos prácticos relacionados co temario, durante un período máximo de tres horas, que formulará o órgano de selección inmediatamente antes do comezo do exercicio, relacionados co contido do temario específico e relativos as tarefas propias das prazas de enxeñeiros de camiños, canais e portos.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán, en todo momento, facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, mais non se permite o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Os/as aspirantes deberán expoñer este exercicio perante o órgano de selección en sesión pública, quen poderá, ao final da exposición, solicitarlle ao/á aspirante calquera aclaración que considere oportuna sobre o suposto práctico desenvolvido.

Na dita proba avaliarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

Terceiro exercicio.- Obrigatorio e non eliminatorio. Proba de informática.

Consistirá nunha proba de coñecementos a nivel usuario de contornos operativos *windows* ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (*open office* ou similar), utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc) no tempo que estableza o órgano de selección, avaliándose de 0 a 3 puntos.

Cuarto exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 4 (equivalente ao antigo certificado de perfeccionamento), segundo o establecido na Disposición adicional 2ª da Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.

A cualificación dos dous primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos; queda eliminado o /a aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do terceiro será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base 10ª das xerais.

O órgano de selección poderá acorda-la lectura dos exercicios polos propios aspirantes en sesión pública.

Unha vez rematadas as probas selectivas, nomearase funcionario/a interino/a por exceso ou acumulación de tarefas por un período de 6 meses ao/á aspirante que obteña a maior puntuación, unha vez sumadas as correspondentes a cada unha das probas realizadas.

#### **IV.- PRAZO DE PRESENTACION DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN**

Será de **10 días hábiles** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Á instancia deberá achegarse **unicamente** a documentación especificamente referida na Base I anterior (“Condicións dos aspirantes e acreditación documental”).

#### **V.- PUBLICIDADE**

O anuncio da presente convocatoria publicarase no BOP. A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar o primeiro exercicio, publicarase no Taboleiro de Editos

da Casa do Concello de Vigo, publicándose tamén no taboleiro dos lugares onde se realicen as probas, no suposto de que estas non se desenvolvan no propio edificio do Concello de Vigo, así como na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do tribunal cualificador poderanse presentar reclamacións e subsanar erros ou omisións no prazo de **catro días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

#### **VI.- ÓRGANO DE SELECCIÓN**

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal, funcionario/a técnico de Administración Xeral ou Especial, ou técnico superior do Concello de Vigo ou calquera dos seus organismos autónomos, encadrados no subgrupo A1 de titulación como mínimo.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter estatal ou funcionario/a técnico do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación como mínimo, escala de Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

Vogais:

-Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo, dos seus organismos autónomos ou de calquera das Administracións Públicas territoriais, con título universitario de licenciado universitario ou equivalente, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal mediante a correspondente Instrución.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999. Asemade, os aspirantes poderán recusar aos mesmos nos supostos previstos no artigo 29 da mesma norma.

Os membros do órgano de selección e os asesores que se podan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo nos termos das correspondentes actas percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

## **VII.- NOMEAMENTO**

O/a aspirante proposto será nomeado funcionario interino/a por acumulación de tarefas polo período máximo de 6 meses, finalizando automaticamente a relación do servizo e cesando en consecuencia o



mesmo -ademais de polas causas legalmente establecidas- polo transcurso do tempo determinado ao efecto.

O/a candidato/a nomeado/a percibirá as retribucións básicas correspondentes a unha praza de enxeñeiro de camiños, canais e portos (escala de administración especial, encadrado no subgrupo A1 de titulación, escala técnica, administración especial, cometidos especiais, clase superior) e as retribucións complementarias asignadas a un posto de traballo de técnico superior de Administración Especial de análogas características, nos termos que se determinen no acto administrativo de nomeamento, e sempre segundo o establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (publicación no BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010).

Os/as aspirantes que superen a totalidade das probas integrantes do proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser nomeados como funcionarios/as interinos/as en calquera das modalidades previstas na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, e normativa de concordante aplicación.

Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto pasarán a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garanti-lo dereito constitucional á igualdade de oportunidades de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza.

A lista resultante do proceso selectivo regulado nas presentes bases será a que teña plena validez para o desempeño das funcións inherentes a unha praza de enxeñeiros de camiños, canais e portos, por ser a máis recente no tempo e a que garante a actualización de coñecementos necesarios para o desempeño da praza, declarándose invalidados as listaxes preexistentes que puidesen existir.

En igual senso, a lista que resulte terá validez ata que se produza nova convocatoria de prazas de igual clase, categoría, escala e subgrupo de titulación, ben con carácter interino ou ben ata que se execute a seguinte oferta de emprego público.

## **T E M A R I O**

### **BLOQUE I: PARTE XERAL**

Tema 1.—A Constitución española de 1978: principios xerais e estrutura.

Tema 2.—O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 3.—Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

Tema 4.—Organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado. Organización central. Organismos públicos, organismos autónomos. Entidades públicas empresariais.

Tema 5.—As institucións da Unión Europea. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento Europeo: composición e atribucións. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea

Tema 6.—A Xunta de Galicia e o seu Presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

Tema 7.—O municipio. O termo municipal. A poboación. Consideración especial do veciño. O empadramento.

Tema 8.—Funcionamento dos órganos colexiados locais. Convocatoria e orde do día. Actas e certificados dos acordos.

Tema 9.—Organización municipal. Competencias.

Tema 10.—Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais. Faltas e sancións. O procedemento disciplinario.

Tema 11.—O procedemento administrativo local. O rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos da presentación de documentos. Comunicacóns e notificacións.

Tema 12.—Os orzamentos das entidades locais. O réxime xurídico do gasto das entidades locais.

Tema 13.- Os servizos públicos locais. Modos de xestión dos servizos públicos locais. Consideración especial da concesión das empresas municipais e dos consorcios locais

## BLOQUE II: PARTE ESPECÍFICA

Tema 1.- O contrato de obras. Obxecto. O proxecto de obras. Supervisión e replanteo do proxecto.

Tema 2.- Execución do contrato de obras. Modificación do contrato de obras.

Tema 3.- Cumprimento do contrato de obras. Resolución do contrato de obras.

Tema 4.- Procedemento e documentación para a recepción de obras no Concello de Vigo.

Tema 5.- Seguridade e saúde. Tipos, estudos, contido e documentación.

Tema 6.- Plans de seguridade e saúde. Contido e documentación. A figura do coordinador de seguridade e saúde.

Tema 7.- A Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais. O Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. Regulamento dos servizos de prevención e as súas modificacións.

Tema 8.- Planeamento urbanístico. Xerarquía do mesmo.

Tema 9.- O PXOM de Vigo (I) Estrutura xeral. Documentos que integran o PXOM. Clasificación do solo.

Tema 10.- O PXOM de Vigo (II). Normas xerais de ordenación e urbanización da rede viaria en solo urbano ou urbanizable.

Tema 11.- Necesidades futuras da rede de abastecemento da cidade de Vigo. Necesidades futuras da rede de saneamento da cidade de Vigo.

Tema 12.- Factores físico-xeográficos con incidencia construtiva no municipio de Vigo.

Tema 13.- Descrición do rueiro do caso urbano de Vigo por relación ao deseño de firmes e sección tipo. Estado de conservación e necesidades futuras.

Tema 14.- A rede viaria de Vigo. Descrición da estrutura e necesidades futuras.

Tema 15.- Os firmes de aglomerado asfáltico. Clases e experiencias.

Tema 16.- A baldosa de granito para pavimentos exteriores. Controis e requisitos.

Tema 17.- A posta en obra do adoquín para pavimentación.

Tema 18.- Deseño estrutural de pavimentos de granito para calzadas.

Tema 19.- Deseño estrutural de pavimentos de granito para beirarrúas.

Tema 20.- Reposición de pavimentos en viais urbanos do concello de Vigo.

Tema 21.- Obras de instalación de servizos en viais urbanos do concello de Vigo.

Tema 22.- Parámetros a considerar para o deseño e cálculo do alumeado público en viais urbanos.

Tema 23.- Características e condicións das redes soterradas de alumeado público.

Tema 24.- Condicións de plantación de árbores en viais urbanos, deseño e emprazamento.

Tema 25.- Informes xeotécnicos. Datos previos, desenrolo e tipos de recoñecementos.

Tema 26.- Drenaxes. Superficiais, de plataforma e profundos. Solucións.

Tema 27.- Escavacións, explanacións e zanxas.

Tema 28.- Mobiliario urbano. Criterios de implantación, deseño e emprazamentos, usos e tipoloxías no Concello de Vigo.

Tema 29.- Servizo de abastecemento de auga. Estimación do caudal necesarios. Material e diámetros empregados.

Tema 30.- Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais.

Tema 31.- Réxime disciplinario dos funcionarios da administración local. Incompatibilidades e responsabilidades. Delitos contra a administración pública.

Tema 32.- A expropiación forzosa. Suxeito, obxecto e causa. O procedemento expropiatorio. Expropiacións especiais e garantías xurisdiccionais.

Tema 33. O dominio público: regulación e concepto. Breve referencia á clasificación dos bens de dominio público. As potestades administrativas.

Tema 34. A responsabilidade da administración pública: principios e procedemento. A responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas.

**16(63).- EXECUCIÓN DA SENTENZA DO XULGADO SOCIAL Nº 1 (AUTOS 218/10 E Nº EXECUCIÓN 364/10) EN RECLAMACIÓN DE CANTIDADES A FAVOR DE D. CARLOS JUNCAL GIL. EXPTE. 21720/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 27.12.10, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 12.01.2011, conformado polo Interventor Xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

**“PRIMEIRO.-** Proceder a dar cumprimento á providencia do Xulgado do Social Nº 1 na execución 364/2010, nos autos seguidos a instancia de D. Carlos Juncal Gil, en relación coa sentenza 355/10 de dito Xulgado, de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1-10-2008 ao 31-12-2009, por importe de 18.300,44 € en concepto de principal e 1.830,04 presupostados provisionalmente para intereses e costas.

**SEGUNDO.-** Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo traballador (1.164,07 €) e IRPF (2.745,06 €), así como 1.830,04 € de intereses e costas, efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 1 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3626 0000 64 036410.

**TERCEIRO.-** Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

**CUARTO.-** Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 1 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social ) aos efectos que procedan.”

**17(64).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POLA CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN A FUNCIONARIOS DE DESINFECCIÓN ANO 2010. EXPTE. 19845/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 27.12.10, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos e polo

concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do técnico de Intervención do 12.01.2011, conformado polo Interventor Xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Outorgar aos funcionarios do Servizo de Desinfección I que a continuación se relacionan un complemento de produtividade polos importes que se indican, polo especial rendemento, iniciativa e interese demostrado no desempeño das funcións encomendadas na realización da Campaña de desratización levada a cabo no ano 2010:

D Manuel Antonio Pereiro Alonso, Oficial Desinfector, con nº de persoal 17578, por importe de 1.973,68 €

D. Andres Avelino Pardellas Avion, , Oficial desinfector, con nº de persoal 09722, por importe de 2131,58 €

D Jose Manuel Sousa Atrio, Oficial desinfector, con nº de persoal 22790, por importe de 2131,58 €

D Alberto Seijas Fernandez, Oficial desinfector, con nº de persoal 81369, por importe de 1539,47 €

D Ramon Seijas Alvarez, Capataz do Servizo de desinfección, con nº de persoal 16350, por importe de 2131,58 €

D Jesus Perez Tome, Oficial Conductor, con nº de persoal 13675 por importe de 2092,11 €

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 12000,00 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade”

**18(65).- DECLARACIÓN DE SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL DE D. RICARDO ANDRÉS MÉNDEZ PAZ. EXPTE. 21733/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 18.01.11, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

“**Primeiro.**- Declarar a situación administrativa de xubilación por recoñecemento de incapacidade permanente do funcionario municipal municipal D. RICARDO ANDRÉS MÉNDEZ PAZ, con nº de persoal 17199, con posto de traballo de POLICÍA LOCAL (PTO.

134), grupo C1 adscrito ao Servizo de POLICÍA LOCAL, en aplicación do previsto no artigo 67.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, e normativa de concordante aplicación, e de conformidade coa Resolución do INSS de data 15/12/2010, sen que tal declaración afecte á obriga legal de reserva do posto de traballo nos termos do esixido pola resolución administrativa declaratoria da situación de incapacidade, ao abeiro da lexislación vixente en materia de Seguridade Social.

**Segundo.-** Informar ao efectivo afectado que unha vez desaparecida a causa obxectiva motivadora da declaración de xubilación por incapacidade, poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de funcionario, que lle será concedida a petición propia nos termos do disposto no artigo 68 da Lei 7/2007, do 12 de abril.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

**19(66).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2010. EXPTE. 21735/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 13.01.11, conformado pola xefa de servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 19.01.2011, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar, en concepto de complemento de produtividade por toxicidade polos servizos prestados nos vertedeiros incontrolados da Cidade, as cantidades que figuran na relación que se achega e que comeza por don Antonio Amoedo García e remata por don Florentino Prieto Domínguez, e que ascende a un total de 163’26 euros, correspondente ao mes de Decembro de 2010 con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

**20(67).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2010. EXPTE. 21744/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 14.01.11, conformado pola xefa de área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 19.01.2011, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Decembro-2010, e que ascenden a un total de 1.062'88 €, con cargo ao RC nº 40869 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”.

**21(68).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN, CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2010. EXPTE. 21747/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 14.01.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 19.01.2011, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de DECEMBRO-2010 e que ascenden a un total 733'20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

**22(69).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS, POR EXCESO DE XORNADA ANUAL, CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2010. EXPTE. 21748/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 14.01.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 19.01.2011, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na

relación que se achega e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de decembro-2010, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.10.151.00.00-Gratificacións”.

**23(70).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POLICÍA LOCAL-GRAN GALA, CON MOTIVO DA VISITA DO MINISTRO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 21734/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 13.01.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 19.01.2011, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da visita do “Sr. Ministro de Educación, don Ángel Gabilondo Pujol”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achega e que comeza por dona Katia M<sup>a</sup> González García e remata por don Moises Calvar Rios por unha cantidade total de 237'14 €.

**24(71).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE NOVIEMBRE 2010. EXPTE. 21736/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 13.01.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 19.01.2011, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura nas relacións que se achegan e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de NOVIEMBRE-2010 e que ascenden a un total 733'20 € (SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

**25(72).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS EXTRAORDINARIOS POR DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE CORRESPONDENTE AO MES DE DECEMBRO 2010 DE DIVERSOS SERVICIOS. EXPTE. 21737/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 14.01.11, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 19.01.2011, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Decembro	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	494,46	70,72	565,18
Alcaldía	Decembro	Abalde Comesaña, Raquel	241,20	0,00	241,20
Limpeza	Decembro	Hermida Sanmartin, Juan José	180,90	255,68	436,58
Electromecánicos	Novem/Decem	Arias Rodriguez, Damaso	160,80	666,40	827,20
Policía Local	Decembro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Villar Silva, Aida	43.592,89	22.907,16	66.500,05
Parque Central	Decembro	De Aira Pereiro, Emilio a Rodriguez Leiros, Alfonso	1.201,98	758,88	1.960,86
Parque Móbil	Decembro	De Alonso Iglesias, Manuel a Vulcano Ferreyra, J. Genaro	1.194,95	840,48	2.035,43
Tenencia Alcaldía	Novem/Decem	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.	281,40	130,56	411,96
Vías e Obras	Novembro	De Amoedo Mosquera, José Luis a Rodríguez Rocha, Rodrigo	237,18	54,40	291,58
Desinfección	Novembro	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	217,08	195,84	412,92
Museo	Novem/Decem	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	378,91	0,00	378,91
IMD	Novembro	Rodríguez Presas, Julio	204,02	12,24	216,26
Montes, Parques e Xardíns	Decembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.893,42	758,88	2.652,30
Extinción Incendios	Decembro	De Abreu Torres, Francisco J. A Veiga García, Rubén	397,98	24,48	422,46
Cemiterios	Decembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	2.914,57	0,00	2.914,57
Cultura	Decembro	Vázquez Martínez, Ramón	24,12	0,00	24,12
<b>TOTAL</b>			<b>53.615,85</b>	<b>26.675,72</b>	<b>80.291,57</b>

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 80.291,57 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN.S.”



**26(73).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN NOVEMBRO-DECEMBRO 2010 A DIVERSOS SERVICIOS. EXPTE. 21746/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Recursos Humanos, do 17.01.2011, e co informe do técnico de Intervención do 20.01.2011, conformado polo Interventor Xeral Accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar o gasto por un importe de 6.599,31 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Jesús M. Garrido Marcos e que remata en D. Emilio Iglesias Alvarez-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, para o período novembro-décembro 2010.”

	<b>SERVIZO</b>	<b>TOTAL</b>
1620	Limpeza	241,11 €
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	1.990,13 €
9222	Parque Móbil	210,00 €
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	960,63 €
1640	Cemiterios	152,38 €
2310	Benestar Social	116,21 €
3330	Museo de Castrelos	84,36 €
3134	Sanidade	941,64 €
9310	Inspección de Tributos	1.415,31 €
3101	Prevenção Riscos Laborais	308,75 €
1650	Servizos Electromecánicos	178,79 €
	<b>TOTAL</b>	<b>6.599,31 €</b>

**27(74).- PRÓRROGA PREGO DE RECADACIÓN EXECUTIVA E XESTIÓN DE MULTAS DE TRÁFICO Á ENTIDADE SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., ADXUDICATARIA ATA O 1.01.2011. EXPTE. 15238/700.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do Tesoureiro Municipal, do 23.01.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Encomendar á entidade SCI SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL, adxudicataria ata o 1 de xaneiro de 2011, para que continúen coa prestación consistente na colaboración nos procedementos de recadación na vía de prema de ingresos municipais de dereito público e asistencia técnica e colaboración nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de tráfico e seguridade

viaria, ata a adxudicación do novo contrato, nos mesmos termos e condicións establecidas nos pregos que serviron de base para a contratación do referido servizo.

2º. As facturas mensuais pola prestación do servizo deberán ser tramitadas mediante un expediente de convalidación de gasto sendo financiadas con cargo á partida “Cesión Xestión Axencia Executiva” 9310.227.08.00.

**28(75).- ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE REDUCIÓN AO 5% DO AVAL CONSTITUÍDO EN GARANTÍA DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN NA “U.A. 1 TOMADA”. EXPTE. 4983/401.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe dos servizos técnicos e da técnica de Admón. Xeral, do 20.01.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMERO.- Acceder ao solicitado o día 10.01.2011 (doc. 110002194) por D. Juan Álvarez Rial, na súa calidade de Presidente da Xunta de Compensación da U.A. 1 Tomada, consentindo a substitución do aval de Caixanova constituído o 10.12.2009 (nº operación 200900075723) depositado en garantía da execución das obras de urbanización por importe de 113.429,28 € polo 5% do importe de execución por contrata.

SEGUNDO.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

TERCEIRO.- Notifíquese á Oficina de Licenzas, significándolle que o presente aval é independente do que no seu caso resultase esixible por mor do outorgamento de licenzas de obra no ámbito de referencia.

CUARTO.- Notifíquese, así mesmo, aos Servizos Centrais para o seu coñecemento e efectos.

**29(76).- DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DE DISPENSA Á XUNTA DE COMPENSACIÓN DA CONSERVACIÓN DE ZONAS VERDES NA “U.A. 1 TOMADA”. EXPTE. 4983/401.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do adxunto ao director de Planeamento-Xestión e da técnica de Admón. Xeral, do 20.01.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMERO.- Non acceder ao solicitado o día 10.01.2011 (doc. 110002198) por D. Juan Álvarez Rial, na súa calidade de Presidente da Xunta de Compensación da U.A. 1 Tomada,

por non contar as zonas verdes do ámbito de referencia cunha superficie unitaria superior a 5.000 m<sup>2</sup> nos termos do artigo 2.3.5 do vixente PXOM, e lembrar que a obriga da súa conservación corresponde á Xunta de Compensación nomeada en tanto no se constituía a corresponde Entidade Urbanística de Conservación e se inscriba no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

SEGUNDO.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo aos interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

#### **30(77).-SUBVENCIÓN DENTRO DO MARCO DO PROGRAMA EMPLEA-VERDE, CONVOCATORIA EMITIDA A TRAVES DA FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD (VIGO+EFICIENTE). EXPTE. 7921/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 28.01.11, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.-Aprobar o proxecto denominado “Vigo + Eficiente”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.
- 2.-Solicitar a Fundación Biodiverdidad de Madrid a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na nova convocatoria emitida pola Fundación Biodiversidad para a realización de actividades para a mellora do emprego e do medio ambiente.
- 3.-Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
- 4.-Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Fundación Biodiversidad.

**31(78).-ENAXENACIÓN E TALA DOS EUCALYPTUS DO MONTE DA GUIA. EXPTE. 5876/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 21.01.11, conformado pola concelleira delegada, e co conforme do Interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1) Aprobar a enaxenación dos eucalyptus do monte da Guía
- 2) Aprobar o expediente de tala de eucalyptus no monte da Guía
- 3) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares elaborado por Técnica de Administración Xeral do Departamento de Contratación con data xaneiro/2011
- 4) Iniciar a licitación na forma prevista na lexislación vixente

**32(79).-ENAXENACIÓN E TALA DOS EUCALYPTUS NO ENTORNO DA PRESA DE ZAMANS. EXPTE. 4442/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 21.01.11, conformado pola concelleira delegada, e co conforme do Interventor xeral accidental, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1) Aprobar a enaxenación dos eucalyptus no entorno da presa de Zamáns
- 2) Aprobar o expediente de tala de eucalyptus no entorno da presa de Zamáns
- 3) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares elaborado por Técnica de Administración Xeral do Departamento de Contratación con data setembro/2010
- 4) Iniciar a licitación na forma prevista na lexislación vixente

**33(80).-BASES DO XLVII CONCURSO-EXPOSICIÓN DA CAMELIA. EXPTE. 5890/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, do 26.01.11, conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

Que se aproben as bases, que se achegan no expediente, correspondentes ao XLVII Concurso-Exposición da Camelia, que se celebrará os días 26 e 27 de febreiro de 2011 nas instalacións do Consorcio da Zona Franca de Vigo, no peirao de Bouzas.

## PROPOSTA DE BASES DO XLVII CONCURSO-EXPOSICIÓN DA CAMELIA

1. O Concello de Vigo organiza o XLVII CONCURSO-EXPOSICIÓN DA CAMELIA, que terá lugar os días 26 e 27 de febreiro de 2011, nas instalacións do Consorcio da Zona Franca de Vigo (Peirao de Bouzas).
2. Poderán concorrer todas as persoas maiores de idade, interesadas na camelia, profesionais ou afeccionados, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nas presentes bases.
3. Poderán presentarse flores pertencentes a calquera especie e variedade de *Camellia*, así como calquera híbrido destas.
4. Establécense os seguintes premios:
  - a) **PREMIO CAMELIA DE OURO:** para o concursante que presente o conxunto de variedades máis destacado en canto a número e calidade das flores. A quen se lle outorgue este premio, non poderá optar a ningún dos demais premios previstos nestas bases. O/A gañador/a deste premio será invitado a formar parte do xurado do concurso do ano seguinte, no que as súas flores terán un lugar destacado e en cuxo caso non poderá participar como concursante.
  - b) **PREMIO ESPECIAL ANTONIO ODRIOZOLA:** se outorgará á flor individual máis destacada de todas as que optaran a este premio e que se exporán nunha mesa separada. Cada concursante poderá presentar un máximo de cinco variedades, representada cada unha delas por unha única flor. Será requisito imprescindible que estean perfectamente identificadas co nome da especie e o da variedade á que pertencen.
  - c) **Primeiro, segundo e terceiro premios** aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:
    - c.1.- ***Camellia reticulata* de calquera cor ou variegación.**
    - c.2.- **Híbridos de *camellia*.**
  - d) **Primeiro e segundo premios** aos mellores lotes de cada unha das modalidades seguintes:
    - d.1.- ***Camellia japonica* branca**
    - d.2.- ***Camellia japonica* rosada ou doutras cores**
    - d.3.- ***Camellia japonica* vermella**
    - d.4.- ***Camellia japonica* xaspeada ou variegada**
    - d.5.- **Outras especies de *Camellia***

Os lotes que participen en calquera das modalidades indicadas nos apartados c e d deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen. Estarán formados por un mínimo de tres flores e un máximo de nove, agás o caso das camelias pertencentes a outras especies, que se poderán expoñer sen limitación de número. En caso de empate entre varios lotes o xurado manifestarase a favor daquel que teña as flores máis homoxéneas.

Cada flor presentárase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes.

e) **Primeiro e segundo premios á mellor presentación artística.** Valorarase como tal o conxunto de flores e plantas de camelia acompañados ou non doutros obxectos e elementos decorativos que, a xuízo do xurado, se distinguen pola súa colocación artística. Os conxuntos que opten ao premio da mellor presentación artística participarán unicamente nesta categoría. A organización proveaos dunha tarxeta para que se distinguen claramente, co rótulo de “presentación artística”.

f) **Premio especial da Sociedade Española da Camelia** ao/á concursante máis destacado/a entre os que participen por primeira vez no certame de Vigo, con independencia de que se presentase en calquera das outras dúas sedes do concurso.

5. Co obxecto de que os premios sexan distribuídos entre un maior número de concursantes, un/unha mesmo/a concursante non poderá obter máis de dous premios.
6. Co obxecto de facilitar o labor do xurado a organización daralle a cada expositor no momento da súa presentación unha tarxeta co número de inscrición e outra por cada modalidade de premio na que participa. Tamén levará unha etiqueta co seu nome, que deberá colocar unha vez concluído o traballo do xurado e despois de ler a acta de premiados.
7. Co obxecto de facilitar que aqueles/as cultivadores/as que non desexen participar no concurso poidan de calquera modo amosar as súas flores, a organización habilitará unha mesa especial para eles. Neste caso serán válidas todas as observacións indicadas nas presentes bases, agás as relativas ao concurso propiamente dito e aos seus premios.
8. As inscricións no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, desde o día seguinte á aprobación das presentes bases na Xunta de Goberno Local até as 13,30 horas do día 21 de febreiro de 2011, nun impreso que se facilitará para este fin. Nesta inscrición deberá especificarse a modalidade ou modalidades na que se concursa e a superficie que se precisará para a súa exposición. A superficie concedida a cada concursante quedará condicionada á orde de inscrición e, en todo caso, ás dimensións da sala de exposición.
9. Os/as concursantes presentarán os seus lotes de flores na sala de exposicións entre as 9 e as 13 horas do sábado 26 de febreiro e poderán retiralos de 21 a 23 horas do domingo 27 de febreiro.
10. A exposición inaugurarase o sábado 26 de febreiro ás 18,30 horas coa lectura do dictame do xurado do concurso, agás cambio decidido pola organización. A entrega de premios terá lugar o domingo 27 de febreiro ás 12 horas.
11. O xurado estará composto polos seguintes membros:  
Presidente/a: A concelleira da Área de Economía e Facenda, Limpeza, Parques e Xardíns ou persoa na que delegue.  
Secretario/a: Un/unha técnico/a da Área de Montes, Parques e Xardíns.  
Vogais:
  - Un representante do Concello de Vigo.
  - Un representante do Concello de Vilagarcía de Arousa.
  - Un representante da Deputación de Pontevedra.
  - Un representante designado pola Asociación Española da Camelia.
  - O gañador da Camelia de Ouro da edición anterior.
  - Dúas persoas de recoñecido prestixio vencelladas á camelia e que serán designadas polo Concello de Vigo.
12. O xurado poderá declarar desertos algún/s dos premios establecidos nas bases e poderán conceder mencións especiais por outros conceptos distintos aos sinalados. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a do xurado.

13. Polo simple feito de solicitaren a inscrición, os participantes declaran coñecer e aceptan integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado.
14. O/a presidente/a do xurado queda facultado/a para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ao longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso puidese producirse.

**XLVII CONCURSO-EXPOSICIÓN DA CAMELIA  
Vigo, 26 e 27 de febreiro de 2011  
SOLICITUDE DE INSCRICIÓN**

**NOME** \_\_\_\_\_

**APELIDOS** \_\_\_\_\_

**NIF** \_\_\_\_\_ **ENDEREZO** \_\_\_\_\_

**NUM** \_\_\_\_\_ **PISO** \_\_\_\_\_ **CP** \_\_\_\_\_ **LOCALIDADE** \_\_\_\_\_

**TFNO** \_\_\_\_\_ **MAIL** \_\_\_\_\_

**SOLICITO** a miña inscrición no XLVII Concurso-Exposición da Camelia, que se desenvolverá os días 26 e 27 de febreiro de 2011 na cidade de Vigo e declaro coñecer e aceptar integramente as bases do concurso. A inscrición solicítoa para a/as seguinte/s modalidade/s:

*Camellia reticulata de calquera cor ou variegación*

*Híbridos de Camellia*

*Camellia japonica branca*

*Camellia japonica rosada ou doutras cores*

*Camellia japonica vermella*

*Camellia japonica xaspeada ou variegada*

*Outras especies de camelia*

*Presentación artística*

*Premio especial da Sociedade Española da Camelia (só no caso de que se presente a este concurso por primeira vez en Vigo)*

*Premio especial Antonio Odriozola*

*Presentación fóra de concurso*

Superficie total solicitada \_\_\_\_\_ m<sup>2</sup>

Asinado \_\_\_\_\_

**34(81).-PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “MELLORA DE CONEXIÓNS TRANSVERSAIS EN TEIS”.EXPTE. 7918/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Emprego, do 26.01.11, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobación da solicitude para a a redacción dun proxecto modificado da obra “Mellora de conexións transversais en Teis – Acondicionamento da ponte sobre a AP-9 e FFCC na rúa Coutadas”.

**35(82).-PAGO DAS BECAS-AXUDAS 2011, POLA ASISTENCIA AOS CURSOS DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”.EXPTE. 7899/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 27.01.11, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1. Acordar, para os meses de xaneiro a xullo da anualidade 2011, o procedemento de pago de becas nos termos acordados pola de Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 15 de xuño de 2009, ratificado por acordo da comisión de Goberno na sesión ordinaria de 26 de xaneiro de 2010.
2. Acordar o importe máximo mensual das becas-axudas que para a anualidade 2011 será de **399,38 euros** ( 75% do IPREM 2011).
3. Acordar o importe máximo diario das becas-axudas que para a anualidade 2011 será de **13,31 euros** (75% do IPREM 2011).
4. **Autorizar o gasto polo importe de 74.862,41 euros** para facer fronte as axudas que se devenguen no exercicio 2011, pola asistencia aos cursos dos/das participantes no proxecto IMOS TRABALLAR, con cargo a partida presupostaria 2410 4890001.



**36(83).-EXTINCIÓN POR CAUSAS OBXECTIVAS DOS CONTRATOS DE TRABAJO DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> EUGENIA CRUZ LORENZO; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> BEGOÑA ECHEGARAY PEREZ, D<sup>a</sup> ROSA M<sup>a</sup> FERNANDEZ DÍAZ E D<sup>a</sup> ARANZAZU VICTORIA PRIETO VALDENEBRO. EXPTE. 7614/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Recursos Humanos, do 19.01.11, conformado pola xefa de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

**Primeiro.-** Formalizar á extinción por causas obxectivas dos contratos de traballo de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Eugenia Cruz Lorenzo; D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Begoña Echegaray Pérez, D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Fernández Díaz e D<sup>a</sup> Aranzazu Victoria Prieto Valdenebro, como consecuencia do acordo da Xunta de Goberno de data 20 de decembro de 2010.

**Segundo.-** Proceder a posta a disposición con data 31 de xaneiro de 2011, data na que deberá comunicárselle as interesadas o preaviso de extinción do contrato con data 15 de febreiro de 2011, así como remisión de copia a representación legal dos traballadores, da cantidade de 4.271,20 € a cada unha das interesadas ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no art. 53 do Real decreto legislativo 1/1995, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

**Terceiro.-** Dar conta do presente acordo á Intervención Xeral, Xefatura de Promoción Económica e Emprego, Xefatura de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos que procedan.

**37(84).-ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.01h. Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.